

Resumo do Traballo de Fin de Grao

Na actualidade os centros de ensino non dispoñen dun sistema unificado que permita reflexar os resultados académicos do alumnado, o que implica que sexa moi difícil para o propio centro analizar ises resultados, comparalos e extraer información útil que permita a mellora dos mesmos.

Do mesmo xeito dende inspección resulta moi complexo a comparación entre distintos centros e polo tanto o sistema convértese nun mero trámite que evidentemente non supón ningunha mellora para a calidade no ensino.

O SXM ou sistema de xestión de memorias nos centros de ensino pretende ser un sistema que substitúa e unifique todos os criterios de xestión de memorias, permitindo:

- Todos os centros usen un sistema unificado que permita un grado de homoxeneidade entre eles.
- O sistema debe permitir que cada profesor introduza os seus datos e as súas observacións tendo en conta os resultados obtidos e comparándoos cos de anos anteriores.
- Débese permitir que o xefe de departamento analice todos os resultados e realice observacións por cursos/ciclos.
- Os xefes de departamento tamén poderán introducir os resultados dos sistemas selectivos como ABAU, permitiéndolles indicar observacións sobre cada apartado.
- Os departamentos ademais introducirán resultados da xestión dos mesmos, como actividades, xestión económica..
- A dirección poderá realizar observacións ou aclaracións sobre cursos e sobre resultados globais.
- O servizo de inspección poderá acceder a todas as observacións ou comentarios tanto de dirección coma de departamentos ou de profesorado.
- Ao mesmo tempo o servizo xerará alertas ou desviacións anormais dos resultados (por exemplo profesorado que suspende a un % indicado, que aproba a un % indicado, que hai unha diferenza dun % con respecto a cursos anteriores ou outros grupos. Do mesmo modo avisará das diferenzas notables entre os resultados ABAU e os de bacharelato.

En canto á descrición técnica, usarase unha base de datos onde se gardará información do profesorado, materias, cursos, grupos, resultados académicos...

Usarase unha programación sobre php e HTML5 na que unha páxina web permita desenvolver todo o proxecto comunicándose coa base de datos.

En canto ao proceso de desenvolvemento, realizaranse entrevistas in situ con direccións de centros de ensino, profesorado e xefes de departamento. Por outro lado persoal do servizo de inspección educativa indicarán as necesidades de listaxes que precisan.

Unha vez pasada a fase de entrevista e marcados os requisitos da aplicación, realizarase o deseño da base de datos e dunha aplicación que permita xestionar aos actores do sistema (profesores, inspector) cos distintos roles dos mesmos (profesor, xefe departamento, dirección), así como os distintos elementos como serían as materias, os grupos e os cursos.

En canto a medios empregados, usarase un hosting adicado ao proxecto, programas de deseño web en .php HTML5 e CSS3 como dreamweaver. Como base de datos usarase MySQL.